

# **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL (ALCER), PARA A COBERTURA DO SERVIZO DE TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODÍALESE DA PROVINCIA DE LUGO**

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2016

## **REUNIDOS**

**Dunha parte**,..., conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Doutra parte**,..., con DNI... actuando como presidenta da “Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades Renais – (ALCER) – Lugo”, con CIF...

Ambas con capacidade legal suficiente para formalizar este CONVENIO, e para o efecto

## **EXPOÑEN**

A provincia de Lugo caracterízase pola gran dispersión residencial dos seus habitantes, con 9.755 entidades de poboación, distribuídas nunha orografía, con frecuencia de difícil acceso. Este feito require, ocasionalmente, un tratamento socio-sanitario diferenciado do ofrecido por aquelas entidades provinciais con importantes concentracións humanas con maior capacidade, por iso, de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuentación.

O número de visitas de cada un dos pacientes, sometidos a tratamento de hemodiálise, ao centro asistencial estímase en 156/ano.

O Decreto 52/2015, do 5 de marzo, da Consellería de Sanidade, polo que se regula o transporte sanitario prevé no apartado primeiro do artigo 26 aqueles traslados que non teñen a

consideración de prestación sanitaria obrigatoria, entre os que se atopa o traslado por asistencia continuada, que é o traslado de pacientes desde o seu domicilio a un centro asistencial ou á inversa, por motivos diagnósticos ou terapéuticos.

Así mesmo establece no seu apartado segundo que a planificación, organización e supervisión, así como os gastos ocasionados por estes traslados, poderán ser asumidos polo Servizo Galego de Saúde, sempre que concorran circunstancias que así o aconsellen e exista crédito orzamentario dispoñible.

A agrupación de usuarios e pacientes na organización dos desprazamentos debe, sen dúbida, optimizar o seu desenvolvemento ao tempo que pretende acadar unha maior satisfacción dos usuarios. Neste senso a “Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades Renais” (de agora en diante, ALCER) desexa colaborar co Servizo Galego de Saúde na organización desta actividade.

Por todo o exposto, ambas partes acordaron en maio de 2012 subscribir un convenio de colaboración que foi renovado posteriormente ata o vindeiro 20 de xuño de 2016 e que se desenvolveu a satisfacción das dúas partes.

Polo exposto, non sendo posible promover a concorrència pública desta axuda e dadas as razóns de interese público existente nos traslados dos pacientes afectados por insuficiencia renal crónica por parte de ALCER, de acordo co previsto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, do 13 de xuño, ambas partes acordan formalizar este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira.** Obxecto

O obxecto deste convenio é o de manter un procedemento que permita simplificar as prestacións por desprazamentos dos pacientes da provincia de Lugo afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros distribuídos pola provincia, evitando o aboamento individualizado e centralizando a xestión en ALCER.

Dadas as especiais características das actividades a desenvolver e a complexidade que supón a organización e coordinación deste transporte e que ALCER é a única asociación que, nesta provincia, agrupa aos pacientes afectados por insuficiencia renal crónica para os que se dirixe este tipo de transporte en concreto, e dado o interese público destes servizos, de acordo co previsto no artigo 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrència pública.

### **Segunda.** Requisitos

ALCER reúne os requisitos esixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir coas obrigas que o artigo 11 da dita Lei esixe aos beneficiarios da concesión das subvencións.

Para estes efectos, e de acordo co artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, atenderase especialmente as seguintes obrigas:

- obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación do previsto no artigo 40.1. d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, acórdase a incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### **Terceira.** Criterios para a incorporación de pacientes

A participación dos pacientes afectados por insuficiencia renal crónica a este programa de desprazamentos non será exclusivo dos asociados de ALCER.

Os criterios para a incorporación de pacientes á organización dos desprazamentos que regula este convenio serán os seguintes:

- Os pacientes incorporaranse á asociación de forma voluntaria
- Os pacientes deben ter médico asignado coa tarxeta sanitaria na provincia de Lugo.
- Con carácter xeral, os pacientes que se incorporen a este sistema deben valerse por se mesmos e renunciarán á solicitude das prestacións por desprazamento mediante reintegro de gasto.
- A Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos autorizará esta prestación.
- Os pacientes en período de vacación, non terán dereito a dita prestación, e poderán solicitar o reintegro de gastos por desprazamento na súa Comunidade Autónoma.
- Os pacientes desprazados da nosa comunidade, non poderán xerar rutas novas, podendo ocupar os ocos que haxa nas rutas existentes trala autorización da Estrutura de Xestión

Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos e, no caso de non habelos, solicitar o reintegro de gastos por desprazamento na súa provincia.

#### **Cuarta.** Xestión de rutas

ALCER será a encargada de establecer as rutas axeitadas para o desprazamento dos pacientes dende os seus domicilios ás clínicas de hemodiálise. As ditas rutas e as súas modificacións han de contar, en todo caso, coa conformidade previa da Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

As altas de pacientes no sistema de desprazamentos será comunicada polo centro de diálise ou polo doente á Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, a cal comunicará a autorización a ALCER por vía telemática.

A asignación dun paciente a unha ruta deberá levarse a cabo nun prazo de 24 a 48 horas dende que se lles informa e sempre cumprindo coa data de inicio da prestación que se detallou na folla de alta do servizo.

Nos casos de solicitude de cambio de quenda de diálise dun paciente por parte de ALCER motivado pola mellor xestión dos recursos, deberá ser consensuado coa supervisora de diálise, que confirmará a posibilidade do cambio e será solicitado na Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos por escrito no caso de discrepancia, onde valorarase dita autorización.

#### **Quinta.** Importe da subvención

O importe total da subvención concedida é de 634.792,56 € anuais (seiscentos trinta e catro mil setecentos noventa e dous euros con cincuenta e seis céntimos de euro), dos que 476.094,42€ financiaranse para o ano 2016 e 158.698,14 € para o ano 2017 con cargo á partida orzamentaria 2797- 412A- 480.5 da Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos do Servizo Galego de Saúde, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente na dita aplicación.

Os pagamentos correspondentes a esta subvención concedida realizaranse de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e aos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e farase efectiva do seguinte xeito:

a) De acordo co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, pódense realizar pagamentos fraccionados que corresponderan ao ritmo de execución das accións subvencionadas. O importe de cada pagamento fraccionado será o equivalente á contía xustificada. O importe total dos pagamentos fraccionados non poderá superar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Mensualmente, dentro dos cinco primeiros días de cada mes, ALCER presentará facturas xustificantes dos gastos xerados por este convenio á Estrutura de Xestión Integrada de Lugo,

Cervo e Monforte de Lemos que procederá ao aboamento dos gastos xustificados, dentro dos límites indicados nesta estipulación.

b) O pagamento do 20% restante da subvención a ALCER farase sempre que esta xustifique, de acordo coa normativa aplicable, a realización do obxecto da subvención, o cumprimento das condicións e as súas finalidades.

O importe indicado está destinado a financiar os desprazamentos dos pacientes dende o seu domicilio ata o centro de diálise que lles corresponda así como os desprazamentos de ata oito pacientes dende a zona norte da provincia ata os centros de diálise situados na cidade de Lugo.

Para os efectos deste convenio consideraranse gastos subvencionables os que se realicen a partires do 1 de abril de 2016 e respondan a natureza da actividade subvencionada.

Segundo o artigo 65.4 f)do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, ALCER queda exenta de constitución de garantía.

#### **Sexta.** Xustificación de gastos

Unha vez realizado o obxecto deste convenio, deberá remitirse á Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos do Servizo Galego de Saúde, a correspondente conta xustificativa.

A conta haberá de incluír declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incorridos, e a súa presentación realizarase, como máximo, no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade.

#### **Sétima.** Seguimento do convenio

A Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos comprobará a execución axeitada nos termos pactados polas partes asinantes e de acordo coa normativa de aplicación.

O seguimento e as resolucións das incidencias que se poidan producir na aplicación deste convenio serán realizados por unha Comisión de Seguimento que contará con dous representantes da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo do Servizo Galego de Saúde e outros dous de ALCER. Así mesmo, a petición de cada unha das partes, poden convocarse ás reunións da Comisión aquelas persoas que, de acordo co contido dos temas a tratar, se considere conveniente a súa asistencia.

#### **Oitava.** Prerrogativas da administración

O Servizo Galego de Saúde ostenta a prerrogativa da súa interpretación e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos inmediatamente executivos.

#### **Novena.** Natureza xurídica do Convenio

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ou no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **Décima.** Infraccións e sancións

Respecto do réxime de infraccións e sancións estarase ao previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **Décimo primeira.** Vixencia

Este Convenio terá vixencia dun ano dende a súa sinatura. Transcorrido o dito prazo o Convenio poderá ser prorrogado por períodos anuais, ata un máximo de tres anos, por acordo expreso entre as partes.

#### **Décimo segunda.** Causas de resolución

Sen prexuízo do previsto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en relación ao reintegro das subvencións, son causas de resolución do convenio:

1. O incumprimento total ou parcial das súas estipulacións ou a alteración esencial do seu contido sen contar con autorización expresa do Servizo Galego de Saúde.
2. O mutuo acordo das partes.
3. A denuncia con dous meses de antelación á finalización da súa vixencia ou de calquera das súas prórrogas.
4. A reorganización do transporte sanitario programado na Comunidade Autónoma que afecte ao obxecto deste convenio.
5. Calquera outra medida normativa adoptada pola administración que afecte o obxecto deste convenio.

#### **Décimo terceira.** Protección de datos

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ALCER autoriza expresamente a inclusión e publicación dos datos desta axuda nos rexistros e medios de publicidade que foran establecidos na normativa aplicable, e, expresamente, no Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios creado polo artigo 44 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e regulado polo Decreto 132/2006, de 27 de xullo, no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, de 20 de xullo, así como a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno.

En proba de conformidade, asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O presidente do Servizo Galego de Saúde

A presidenta de ALCER